


# MANUEL MURGUÍA


1833-1923

CENTENARIO DO SEU PASAMENTO





**SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DE PASTORIZA, EN ARTEIXO (A CORUÑA)**



**MANUEL ANTONIO MARTÍNEZ MURGUÍA NACEU O 17 DE MAIO DE 1833 NO LUGAR DE FROXEL, NA PARROQUIA DE OSEIRO, EN ARTEIXO (A CORUÑA) E BAUTIZÁRONO NA IGREXA DE PASTORIZA SEUS PAIS JUAN E CONCEPCIÓN, TERÁN DOUS FILLOS MÁIS: NICOLÁS E TERESA.**



**CENTENARIO DO PASAMENTO DE  
MANUEL MURGUÍA [1833-1923]**



**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**



**EN 1844 A FAMILIA DE MANUEL MURGUÍA TRASLÁDASE A SANTIAGO E ESTE COMEZA OS ESTUDOS DE BACHARELATO NA UNIVERSIDADE. NESTA MESMA UNIVERSIDADE COMEZARÁ OS ESTUDOS DE FARMACIA, QUE CONTINUARÁ EN MADRID.**




**CENTENARIO DO PASAMENTO DE  
MANUEL MURGUÍA [1833-1923]**

# MANUEL MURGUÍA




**CONVENTO DE SAN AGOSTIÑO, SEDE DE «EL LICEO DE LA JUVENTUD», EN SANTIAGO**



**EN SANTIAGO DE COMPOSTELA MURGUÍA FRECUENTA AS ACTIVIDADES DE «EL LICEO DE LA JUVENTUD» UNHA SOCIEDADE ARTÍSTICA E RECREATIVA, LIBERAL E PROGRESISTA, ONDE VAI COÑECER A DOUS GRANDES ESCRITORES GALEGOS: EDUARDO PONDAL E AURELIO AGUIRRE,**


**CENTENARIO DO PASAMENTO DE  
MANUEL MURGUÍA [1833-1923]**



# MANUEL MURGUÍA



**A RÚA DO VILAR, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, NA QUE VIVIRON MANUEL E ROSALÍA COS SEUS FILLOS.**




**NO 1851 TRASLADOUSE A MADRID A SEGUIR OS ESTUDOS DE FARMACIA, QUE NON DARÁ REMATADO. NESTA CIDADE CASARÁ CON ROSALÍA DE CASTRO E VOLTARÁN A GALICIA EN 1859, PASANDO A VIVIR EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, NA RÚA DO VILAR.**

**CENTENARIO DO PASAMENTO DE  
MANUEL MURGUÍA [1833-1923]**



# MANUEL MURGUÍA



**ESCOLAS GARCÍA NAVEIRA, DE BETANZOS (A CORUÑA) E PORTADA «LA PRIMERA LUZ».**




**«LA PRIMERA LUZ», EDITADO EN VIGO POLA IMPRENTA CAMPANEL, NO 1868, É UN LIBRO DE LECTURAS, ESCRITO POR MURGUÍA, PARA O SEU USO NAS ESCOLAS DAS PRIMEIRAS LETRAS DE GALICIA. TEN VINTE E SETE LECCIÓN S DE XEOGRAFÍA E HISTORIA, ADEMAIS DE CINCO BIOGRAFÍAS.**

**CENTENARIO DO PASAMENTO DE  
MANUEL MURGUÍA [1833-1923]**




XUNTA  
DE GALICIA



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



**A CASA MUSEO DE ROSALÍA EN PADRÓN (A CORUÑA) E PORTADA DE «CANTARES GALLEGOS».**



**«CANTARES GALLEGOS» É UN POEMARIO PUBLICADO POR ROSALÍA DE CASTRO NO ANO 1863 EN VIGO, ESTA OBRA MARCA O INICIO DO REXURDIMENTO DA LITERATURA GALEGA E NA QUE MURGUÍA COLABOROU ANIMANDO Á SÚA MULLER A ESCRIBILA E PUBLICALA.**

**CENTENARIO DO PASAMENTO DE  
MANUEL MURGUÍA [1833-1923]**

# MANUEL MURGUÍA




**SEDE ORIXINAL DO ARQUIVO XERAL DE GALICIA, NA ACTUAL CAPITANÍA XERAL, NA CORUÑA.**



**MANUEL MURGUÍA OCUPOU DIFERENTES CARGOS NA ADMINISTRACIÓN: XEFE DO ARQUIVO XERAL DE SIMANCAS (1868), DIRECTOR DO ARQUIVO XERAL DE GALICIA (1870) E CRONISTA XERAL DO REINO DE GALICIA (1885). EN 1892 REINGRESOU NO CORPO DE ARQUIVEIROS.**




**CENTENARIO DO PASAMENTO DE  
MANUEL MURGUÍA [1833-1923]**






# MANUEL MURGUÍA



O noso idioma! o que falaron os nosos pais e imos esquecendo, o que falan os aldeáns e nos achamos a punto de non entender; aquel en que cantaron reis e trovadores; o que, fillo maior da patria galega, nola conservou e conserva como un don da providencia.

O galego, en fin, que é o que nos da dereito á enteira posesión da terra en que fomos nados, que nos di que somos un pobo distinto; que nos promete o porvir que procuramos e que nos dá a certeza de que será fecundo en bens para todos nós.

**NOS XOGOS FLORAIS DE TUI, MURGUÍA DEFENDEU O IDIOMA GALEGO E A NOSA BANDEIRA.**



**MANUEL FOI UN FIRME DEFENSOR DO IDIOMA GALEGO, IMPULSANDO TODO TIPO DE INICIATIVAS PARA A SÚA NORMALIZACIÓN. EN 1891 PRONUNCIOU UN DISCURSO NOS XOGOS FLORAIS DE TUI NOS QUE DEFENDEU O NOSO IDIOMA E A NOSA BANDEIRA.**



**CENTENARIO DO PASAMENTO DE  
MANUEL MURGUÍA [1833-1923]**




# MANUEL MURGUÍA



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA


**O CONCELLO DA CORUÑA FOI A PRIMEIRA SEDE DA REAL ACADEMIA GALEGA.**



**EN 1906, NA CIDADE DA CORUÑA, CRÉASE A REAL ACADEMIA GALEGA CO OBTXECTIVO DE DEFENDER A NOSA LINGUA E A NOSA CULTURA. SERÁ PRESIDIDA POR MANUEL MURGUÍA E A SÚA PRIMEIRA SEDE ESTARÁ NO PAZO MUNICIPAL DA CIDADE.**



**CENTENARIO DO PASAMENTO DE  
MANUEL MURGUÍA [1833-1923]**



# MANUEL MURGUÍA



REVISTA DECENAL ILUSTRADA

Número 1.º - Madrid 10 de Enero de 1879.

AÑO I.º		PRECIOS DE SUSCRICION.				TOMO I.	
España y Portugal.	Un trimestre..... 6 pesetas.	Ultramar.....	Un semestre.....	4 pesos oro.	Extranjero.	Un año.....	25 pesetas.
	Un semestre..... 11 »	América.....	Un año.....	8 pesos.		Un trimestre.....	15 »
	Un año..... 20 »						

LA ILUSTRACION GALLEGA Y ASTURIANA se publica los dias 10, 20 y 30 de cada mes, en 12 páginas folio mayor, ilustrada con magníficos grabados.

**SUMARIO.**

**Tercio.**—Nuestro pensamiento, por M. Murguía.—El P. Folgo, por D. Ferrn Casella y Sotelo.—La Catedral de Orense, por D. Rafael M. de Labea.—Nuestros grabados.—Biografía.—Muerte de Ezequiel, por D. Ramon de Caspouzer.—Ya allum d'a Torre d'Herodes, por C. Placer Bouas.—Damas de la Casa, novela, por doña Dolores Armida de Costa.—Santos.—Revisita de la decena.—Anuncio.

**NUESTRO PENSAMIENTO.**

Pocas palabras bastarán para explicar completamente el pensamiento que dió vida á esta Revista, y para dar asimismo á conocer el modo y manera cómo pensamos llevarlo á cabo. Mucho tiempo há que cuantos se interesan por el bienestar del país gallego y asturiano, cuantos desean verles salir de su, más aparente que real y positiva, postración, comprendieron que tras de la larga queja alfilerada, tras del gran capitulo de quejas, tras del eterno rechazar injurias que ya no se repiten ó no tienen la fuerza que en otros tiempos, debía venir, forzosa, ineludiblemente, un



DON DIEGO SARMIENTO DE ACUÑA, PRIMER CONDE DE GOSDUMAR.

combates con los enemigos de la patria, vuelve al seguro hogar y al goce de las felicidades domésticas, así los que hemos combatido por la patria, los que la hemos ensalzado y hecho amar de los extraños, los que repeliendo todo género de agresiones hemos llegado hasta la agresión misma, sentimos que ha llegado la hora de poner término á esta lucha estéril ya y guardarnuestras fuerzas para la gran regeneración á que nos invitó el propio de los tiempos y la necesidad urgentísima de llevarla á cabo.

Confundidas en un mismo olvido y ofendidas con una misma frase, ha sido común para Asturias y Galicia el ultraje y la desventura; pero si ésta debía ser conjurada y aquél rechazado, tiempo es ya de que perdonado todo, con un perdon que toque, si puede ser, los límites del olvido, veamos si nos es dado hacer en favor de la madre patria todo aquello que su antigua desgracia reclama, y pide su buen nombre y su prosperidad futura. Basta ya de alabanzas, nos dicen los ex-

tráta de un pueblo generoso é inteligente: decid nos cuáles son vuestros adelantos en el terreno movimiento regenerador, en el cual, tal como el guerrero que despues de haber librado rudos



## El Eco de Galicia

Diario católico e independiente



MADRID. 30 DE DICIEMBRE DE 1857. AÑO I.

**FIESTA DE NAVIDAD.**  
I.  
or los años 1709 del período Juliano, correspondiendo al 4.º de la Olimpiada 133, y el 37.º del reinado en Judea de Herodes el Grande, César Augusto ordenó un empadronamiento general en todo el Imperio Romano, del cual dependía entonces la corona de Herodes. José, viático de la egregia estirpe de David, aunque simple artesano de Nazareth, debiendo inscribirse como los demás, padeció en su marcha hacia la ciudad de Belén, casa de su familia, acompañado de su esposa y de su hijo Jesús María, á pensar de que se hallaba en cinta y cercano al parto. En lo más crudo del invierno, atravesada montañas y desiertos, escasez de recursos, emprenden una larga

## LA OLIVA.

PERIÓDICO DE POLÍTICA, LITERATURA É INTERESES MATERIALES.

<p><b>SE PUBLICA</b> por ahora, los miércoles y sábados, y lleva adelante de la que trata de una industria de primera y de importancia. Incluye, en cada número, los artículos de actualidad de su día en el país, la política y el comercio, y de los sucesos que se verifican en el extranjero. Una vez al mes se publica un suplemento de noticias.</p>	<p><b>SABADO</b> 2 DE FEBRERO DE 1855.</p>	<p><b>SE SUSCRIBE</b> en esta ciudad, adonde, calle Real num. 11. Fuera de la ciudad, en Vigo y Pontevedra. En provincias se suscribe en las ciudades de Madrid, Ultramar y Extranjero, 21 rs. el trimestre y 100 el año. Los correos cubren el valor de los números.</p>
--	--	---

**ADVERTENCIAS.**  
Esta Empresa, teniendo en cuenta el retraso de los números de LA OLIVA, á todos sus amigos y recomendados. Las personas que no quieren costear á nuestro propósito, se servirán de ver los números á la Administración conforme los vayan recibiendo; de no verificarse así, se contará como si no existieran.

la riqueza pública; y por otra, el comercio destruido, la industria sin vida, la marina mercante perseguida por piratas á vista de nuestras plazas fuertes, la militar asquilada y los valientes de Trafalgar sumidos en el olvido, la agricultura postrada con las cargas que la oprimían, la justicia en manos de caribes desmoralizados, los frentes del saber cegados para embrutecer la juventud, el glorioso renjon de Castilla despreciado en

lívase á fuerza de violentos sacrificios, el jugo de la tierra no les era propio, y á favor del aire de la libertad se destruirían pronto sus germenes. En esta confianza nos lanzamos á la realización de la obra. Hoy empezamos á ver los efectos de nuestros trabajos, y en verdad que nos sorprenden. Infinidad de cartas felicitándonos por nuestra útil empresa; diferentes composiciones se nos dirigen de todas partes, con el mismo objeto; multitud de

los que, como nosotros, se interesan en el progreso de la patria, en estas cortas líneas, la expresion mas sincera y leal de nuestro agradecimiento.

Empezamos á continuación á insertar algunas de las composiciones que hemos recibido, observando el orden

### CABECEIRAS E PORTADAS DALGÚNS DOS XORNAIS NOS QUE COLABOROU MANUEL MURGUÍA.



**A OBRA ESCRITA E PUBLICADA POR MANUEL MURGUÍA É ENORME, ASÍ COMO AS SÚAS COLABORACIONES EN DIFERENTES XORNAIS GALEGOS, ESPAÑOLS E AMERICANOS: «LA OLIVA», «LA CRÓNICA», «LA ILUSTRACIÓN GALLEGA Y ASTURIANA», DO QUE CHEGARÍA A SER DIRECTOR, ...**



## CENTENARIO DO PASAMENTO DE MANUEL MURGUÍA [1833-1923]



# MANUEL MURGUÍA



«Coruñeses: Morreu o Patriarca das Letras Galegas, Sr. Murguía. Honrade ao finado, e honrándoo, honraredes a Galicia, que hoxe perde á máis alta personificación do seu valer.»


Manuel Casás Fernández  
Alcalde da Coruña

**O CORPO DE MURGUÍA FOI VELADO NO CONCELLO DA CORUÑA, NA PRAZA DE MARÍA PITA.**



**O 2 DE FEBREIRO DE 1923, A PIQUES DE CUMPRIR OS 90 ANOS, FALECEU MANUEL MURGUÍA NA SÚA CASA DA CORUÑA. O SEU CADALEITO FOI CUBERTO COA MESMA BANDEIRA GALEGA QUE CUBRIRA O DE CURROS ENRÍQUEZ E QUE ESTABA DEPOSITADA NA REAL ACADEMIA GALEGA.**

**CENTENARIO DO PASAMENTO DE  
MANUEL MURGUÍA [1833-1923]**





## O PRIMEIRO CENTENARIO DE D. MANUEL MURGUÍA

Nesta data galeguisimamente histórica do 17 de maio de 1933, cúmprese o primeiro centenario do nacemento do patriarca das nosas letras rexionais, D. Manuel Murguía; e a Academia Galega non podería deixar que esa efeméride memorable pasase sen solemnizala como corresponde á figura venerable e venerada do que foi o seu primeiro Presidente, e ao que cómpre considerar como o desexado Mesías do noso pobo.

Eladio Rodríguez González

**MONUMENTO A MURGUÍA NOS XARDÍNS CORUÑESES DE MÉNDEZ NÚÑEZ.**



**EN 1933 CELEBROUSE A PRIMEIRA HOMENAXE PÚBLICA EN HONRA DE MURGUÍA E CON TAL MOTIVO INAUGUROUSE UN MONUMENTO, DE GRANITO E BRONCE, DEDICADO A EL NOS XARDÍNS CORUÑESES DE MÉNDEZ NÚÑEZ.**



**CENTENARIO DO PASAMENTO DE  
MANUEL MURGUÍA [1833-1923]**